

Rosa Aneiros
Sol de inverno

**Ultramarinos, tabaco e melancolía
A Habana**

Bohío, ingenio azucarero, café, Martí, Centro Galego, picadura, veguero, El Paraíso, hierro de marca, bucanero, pesos, bofetón, Maceo, malanga, Hijas de Galicia, María la Gorda, ferrocarril, Tricornia, Danza de los Millones, feixóns, Machado, buceta, Sol, mambí, bitola, Diario de La Marina, Quinta la Benéfica, Maine, Viñales, torcido, macheta, esclavo, colonia, marquilla, mogotes, golfo de Batabanó, ultramarinos, Vedado, malecón.

Foi na calma chicha do Caribe. A Habana debuxábase ao lonxe como unha pomba pousada nun arame. Foi na ausencia do vento e no silencio esmagador do sol. Foi na cortesía dos viaxeiros de primeira e no sorriso de media lúa de mamá. Foi nas gargalladas de Rebeca e na mirada severa de Rafael. Foi aí nesa calma chicha cando te varreu aquel ciclón de palabras tan imprevisto como doloroso. Miraches ao teu redor con sorpresa.

Bohío, ingenio azucarero, café, Martí, Centro Galego, picadura, veguero, El Paraíso, hierro de marca, bucanero, pesos, bofetón, Maceo, malanga, Hijas de Galicia, María la

Gorda, ferrocarril, Tricornia, Danza de los Millones, feixóns, Machado, buceta, Sol, mambí, bitola, Diario de La Marina, Quinta la Benéfica, Maine, Viñales, torcido, macheta, esclavo, colonia, marquilla, mogotes, golfo de Batabanó, ultramarinos, Vedado, malecón.

Outra vez. As palabras viñan de lonxe dacabalo dunha voz de acento estraño e intimidador que te agarraba fortemente polos pulsos. A voz metéuseche no corpo e posuíuno durante un tempo impreciso.

Foi pracer e foi susto.

Vomitaches.

Non tiñas nada no estómago.

Pero vomitaches.

E naquela pasta amarela que era o teu vómito pareceu- che entrever follas de tabaco, cana de azucre e grans de café. Tamén o arco da vella dos arrecifes de coral.

—Pero Inverno! —mamá sacudiute con forza—. Non sabes avisar? Nin que foras unha nena pequena como Rebeca!

Mamá apartoute e colleu rapidamente un trapo para limpar aquela mucosidade pestilente. Miraba ao seu redor chea de vergoña, tentando ocultar o acontecido ao resto da pasaxe.

—Que che pasa? Estás ben? Un mes de navegación sen un só mareo e agora que estamos xa na baía... Vaite cambiar, veña. Temos que entrar en Cuba como verdadeiras damas.

Obedeciches sen fungar e con sorpresa. Todo continuaba no mesmo sitio. A cortesía dos pasaxeiros de primeira, as gargalladas de Rebeca, a media lúa no rostro de mamá e a mirada severa de Rafael permanecían inalterables coma se aquel ciclón furibundo que che entrara polo nariz e che saí-

ra pola boca non acontecera nunca. Miraches o vestido con alivio. Os restos de vómito debuxaran globos no liño e suspiraches. Fora verdade. O ciclón, dis. Aquel vendaval sacudira o mundo de verdade aínda que só ti te decataras. Cuba aprendeuche rapidamente como as situacións máis inverosímiles suceden cando o mundo mira e ninguén as percebe. E como, a pesar diso, son quen de convulsionar o tempo e o espazo. Igual que o leve movemento de as dun zunzún.

A pomba derriba do arame que era A Habana foi aumentando ata se converter nunha voluptuosidade branca de edificios suntuosos e carruaxes de cabalos visiblemente alterados. O balbordo do peirao sentíase dende máis dunha milla, onde o voso barco anainaba agardando permiso para desembarcar. A un lado, a fortaleza do Morro e, perante os ollos, o porto da Habana. Rafael ollaba o movemento frenético de mercadoría e xente.

—Vannos desembarcar sen problemas —anunciou.

—E logo! —afirmou mamá co peito cheo como un galo— son cidadá cubana.

Por primeira vez, lembra Inverno, mamá sentiu que facía algo pola familia. Que era ela quen vos salvaba e non a misericordia allea. Talvez por iso repetiu con orgullo:

—Son cidadá cubana.

Rafael apoiou os brazos na varanda e baixou a voz. Non quería molestar á túa nai. Preferiría cortar a lingua a facelo pero, aínda así, a ti tivo que dicircho. Se non o dicía arderíalle no peito como unha folla de tabaco.

—Podemos pasar porque ela conserva a carta de cidadanía cubana e porque a vosa familia está aquí. Eles chamarán por nós. A vós reclamaranvos como familia e a min daranme un contrato de traballo. A pesar de todo o que pasou nunca

vos deixarían morrer en Francia. Se non fose así, se a túa nai non fose cubana habían virar as tornas. Deixarían o barco anainando na baía durante días. A un lado, o castelo do Morro, no bico dos ollos o Muelle de Luz. Habería lanchas arredor, como moscas que acoden á froita podre, que berrarían nomes ata quedar afónicos. Os afortunados que escoitasen os seus apelidos poderían abandonar o barco e abrazar aos parentes que chamaban por eles. Outros non sentirían o seu nome nunca. Nin tan sequera no desembarco. Non habería ningunha carruaxe agardándoos e a única América que coñecerían durante meses chamaríase Triscornia.

—Triscornia, Rafael?

—Triscornia é o lugar a onde levan os emigrantes que veñen sen contrato de traballo e sen coñecidos que chamen por eles. Dinlle eufemisticamente hotel de emigrantes pero de hotel tenche pouco, un miserable lazareto nada máis. Os acabados de chegar permanecen en barracóns inmundos ata pasaren a corentena, malvivindo coma cans. Digan o que digan, malviven coma cans. Os pavillóns están ateigados de catres onde aniñan pulgas e piollos. Os baños son, en realidade, furados no chan onde defecar e caldeiros de auga para se asear. E se aínda conservabas un peso amarrado ao cinto que che deu a túa nai namentres se desfecía en choros no porto da Coruña, aínda afortunado eras. Moitos infelices que viaxaban en terceira, con pasaxes que supuñan a débeda de meses cos intermediarios ou, mellor dito *garroteros*, perdían todo nas bodegas apostando ata as mesmas unllas en timbas ilegais organizadas por homes sen escrúpulos. E os pobres chegaban á Habana sen zapatos nos pés nin alfabeto nos dentes pola astucia maldita dos caciques aos que había que pagar os arrendamentos, un ferrado de trigo,

ovos, unha vaca. E tanto tiña ter que deixar un pai morrendo ao que sabías que non volverías ver máis e os choros das carpideiras nas orellas aínda inocentes dos quince anos. Había que sacar a familia da miseria. Había que vir a Cuba para pagar a terra que cultivar. Pero Cuba, aí Cuba. Cuba non era só encher os petos rápido. Cuba era tamén un mundo de lotaría e perdición do que moitos tiveron que fuxir con menos do que arribaran. Porque moitos, Inverno, moitos chegaron con ilusión e mocidade e marcharon sen unha nin outra. E volveron aló para morrer nada máis. Todo veu da man dunha puta tuberculose nunha guerra que non era súa. A puta tuberculose do avó. E aínda me din que por que o sindicato, aínda mo din... O meu pai, Inverno, foi meu pai. Acórdaste del?

Non contestaches. Tanto tiña, Rafael estaba nun lugar onde non podía oírte.

—Que has acordar, es moi nova! O meu paiciño era un vello eivado que só saía de casa para ir aos enterros. Se el xa era máis do mundo dos mortos ca do dos vivos! Veu para Cuba con catorce anos e perdeu o pouco que levaba nas apostas do transatlántico. Logo mandárono para a Triscornia, ao pouco de abrir. Alí déronlle unha culler, unha xerra esmaltada, unha cama e un pano, quitáronlle a navalla e comezou a traballar. Antes de que a orde de repatriamento se fixese efectiva por carecer de papeis e viaxar como vulgar polisón, o Centro Galego veu facerse cargo del e sacouno do lazareto. O meu pobriño pai traballou primeiro en Casablanca, logo de augador e finalmente foi cortar cana de azucre a Matanzas ao enxeño dun galego. Nunca chegou a *mayoral* nin *maestro de azúcar*. Diso en Antes había moita lenda. Dicían que era fácil enriquecerse na Habana pero

nada máis lonxe. Hóboos que tiveron sorte e gañaron miles de pesos como don Anselmo. Outros, como o meu pai, esfoláronse a cortar cana, o traballo máis escravo que había, o que ninguén quería porque rebentaba as mans e non aforrou nin un peso. Mandou o que puido pero non abondou para pagar as rendas. Así que, logo de estar a piques de morrer por varias febres, decidiu regresar sen un cadelo. Cando a miña nai agardaba un indiano repoludo, vestido de branco e ataviado cun chapeu delicado e reloxo de ouro no peto, apareceu el. Un homiño eslamiado ao pé dun baúl tan baleiro como o seu estómago. E xurou que ningún dos seus fillos había volver nunca a Cuba.

El tentara darlle unha oportunidade á maior das Antillas. Xa o seu pai fracasara estrepitosamente na súa aventura transoceánica. O meu avó non tivera fortuna nun enxeño de azucre de santa Clara así que arriscou na guerra. Apuntouse de soldado na guerra do noventa e oito contra España, coa esperanza de volver se non con cartos si con honra. Pero el era xa un ancián para aquelas terribles batallas na braña e perdeu tamén. Repatriárono cando xa parecía que estaba a piques de se marchar para o outro mundo por mor da tuberculose. A guerra foi ruín, a febre, a humidade, a falta de comida, os canabais queimados, a calor... disque aquilo era un inferno de lume mollado e desánimo. Non sei se foi mellor que morrese aló porque para sobrevivir e quedar así, sempre enfermo e torturado polo pesadelo de Cuba... Non lle pagou a pena vivir... non. En canto chegou o meu avó a Coruña mandaron ao meu pai con só catorce anos para aquí. Antes non daba para comer a aquela familia numerosa de tolleitos e nenos desnutridos. A medida que os seus fillos medrabamos, como ritual de adolescen-

cia, faciánnos xurar que non emigrariamos, que turrariamos por sobrevivir en Antes. Tes que me facer un favor, Inverno. Cando escribas aló, nunca lle digas a Laura que eu estou convosco. Non o esquezas. O meu pai nunca debe saber que eu vin para Cuba. El perdooumo todo, as folgas na mina, a morte daqueles tres, que me escondera nas covas... pero isto non mo había perdoar nunca. Que viñera a Cuba, non. O que é a vida. Para salvar o pelexo veño para o que foi o inferno do meu avó primeiro e do meu pai despois.

Rafael cuspiu con desleixo nas augas mornas do Caribe, namentres o voso barco procedente de Veracruz agardaba poder botar áncora no porto da Habana. Foi a derradeira mostra de rancor que se permitiu a si mesmo.

—Nunca máis volveremos falar disto, Inverno. Esqueceo todo.

—Pero...

—Se digo unha vez máis o seu nome non poderei aturalo. E agora cómpre sobrevivir.

Fíxoo, madía leva que o fixo. Rafael levou a súa ansia de sobrevivir ata as últimas e máis imprevisibles consecuencias.

De súpeto, o seu rostro mudou de cor ante un movemento brusco e familiar que sacudiu o barco. Rafael colleu a Rebeca no colo e abrazou a mamá:

—Chegamos, chegamos! Non estades contentas? Por fin a paz... por fin. Veña, collede as maletas, abaaaaaiixxxxooooo. Benvidas ao Muelle da Luz!!! —Rafael miroute desde unha distancia incalculable, metade súplica metade perdón—. Inverno, espabila, é para hoxe...

Ti, Inverno, non o esquezas, colliches as escasas pertenzas que sobreviviran a Francia e seguiches os seus pasos pola pasarela, aínda consternada polo que acababas de escoitar.

Mamá sorría como unha raíña que volve ao seu pazo. Rafael daba brincos de cabaliño a Rebeca que, abrazada ao seu pescozo, ría coma un axóuxere. E ti, meditabunda e arre-friada polas preguntas que che sacudían o espiñazo logo daquela longa confesión, agarrabas as maletas como se fosen táboas salvavidas. O balbordo era abouxador. Centos de persoas pregoaban as súas mercadorías á sombra da igrexa de San Francisco. A súa voz escorregaba pola rúa Amargura e esvaraba sinuosa por O'Reilly, Obrapía, Lamparilla, Mercaderes, Oficios, Obispo e Compostela ata rebotar nos restos das antigas murallas que protexían a cidade dos ataques piratas. Os vendedores ofrecían a berros carro, pensión, auga, comida, traballo... Un olor denso a suor azucrada pegouvos unha garimosa labazada nas fazulas. A luz, cegadora, facía brillar os rostros e as mercadorías coma se fosen pedras preciosas. Rafael escorrentaba aquel enxame de avésporas enganosas do voso redor e facíase paso entre a multitude. Mamá movía a cabeza con desesperación e murmuraba «teñen que estar, teñen que estar aquí, díxenlles que viñamos neste barco, teñen que estar...». Pasou o tempo consumido por unha áspera impaciencia. Cando comezou a se dispersar o rebumbio, mamá viunos. Estaban alí, no cruzamento da rúa. Sentada nun fastoso carro de cabalos, agardaba unha muller fermosísima co pelo cuberto por un gran sombreiro. Abanicábase suavemente cun abano de plumas. O home sentado no andel do carro brincou rapidamente ao chan e acudiu ao voso encontro. A señora fixo apenas un movemento de cabeza como único saúdo. O home reprimiu a súa euforia ao chegar cabo de mamá e saudou cortesmente, aínda que nos ollos lle rebrincaban lapas de emoción.

—Señorita....

—Abel! —mamá botouse aos brazos daquel negro corpulento—, que alegría! Estas son as miñas fillas Inverno e Rebeca e este é Rafael, un amigo do meu marido. Cóllelles as maletas.

A túa nai avanzou rapidamente cara á carruaxe e subiu dun salto.

—Mamá.

Sen dicir máis reclinou a cabeza no seu peito, apoiou a cara no escote e comezou a moumear baixiño. A muller apenas se inmutou, deulle un bico na meixela e, co mesmo movemento de cellas que fixera minutos antes, sinalouvos para que subirades ao carro. Os tres ollabádela con certa desconfianza pero avanzastes cara ao vehículo. A beleza de xeo daquela muller lograra hipnotizarvos na calma chicha do Caribe.

Que curioso. Nunca imaxinaras así á avoa Lola.